



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2020/6**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

TANIA ROMERO GARCIA

MANUEL CARAMES LOPEZ

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MONICA VILELA VILELA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

**AUSENCIAS:**

PSOE

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

**SECRETARIA/ ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

**INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. Aprobación do orzamento do 2020.
3. Proposta asuntos persoal municipal
4. ELECCION MEMBROS MESAS ELECTORAIS

**1.-Aprobación acta sesión anterior**

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## 2. Aprobación do orzamento do 2020.

**O Sr Alcalde expoñe:** “ Son uns orzamentos reais e realistas. Isto último porque reflicten a realidade que estamos a vivir nestes últimos meses. Cando os orzamentos estaban a punto de ir a Pleno veu a crise do Covid e houbo que reinventalos nunha nova realidade. Estes orzamentos preséntanse sobre dous grandes eixes: Os asuntos sociais e o mantemento. Así cumpro co que prometín.

Os orzamentos compren co equilibrio entre gastos e ingresos e ascenden a 3812381.53€. Se a elo sumamos os suplementos recentemente aprobados e subvencións que temos máis o menos aprobadas danos un total de 4.7 millóns e euros aproximadamente.

Por capítulos hai unha cantidade para os traballadores que xa estaba nos orzamentos anteriores sen repartir e que agora se fai segundo os criterios da RPT, hai previsións para persoal interino, para dous auxiliares de Servicios Sociais porque na nova realidade vai a ser un departamento que requirirá moita inversión en persoal e máis gasto.

Prevese 8 peóns para un proxecto de Humanización, proxecto novidoso e que asemade vai dar un volco importante ao municipio xa que haberá uns operarios permanentemente traballando neste proxecto. Será mediante bolsas de emprego transparentes para cubrir todos estes postos. Isto non ten nada que ver coas subvencións da Deputación e Xunta para praias, Pel, etc. É un plan de nova creación que vai axudar a que Muxía estea en mellor situación.

Tamén contemplamos en Orzamentos melloras para persoal actualmente indefinidos, a fin de que opten a posto fixo, e outros de xornada parcial a total etc, e elo porque amosaron a súa valía .Hai un posto de promoción interna de auxiliar a administrativo. Todo elo revertirá en melloras para todos.

Respecto ao capítulo 2, incluímos cousas xa anunciadas e hai unha parte moi importante nel para SAF e para lavandería sobre rodas .

Capítulo 3, non temos débedas.

Cap IV, é reseñable o convenio de atención temperá coa Xunta de Galicia.

Subvencionaremos a implantación dun centro de atención temperá e elo pese a para desprazamentos ao médico, hospital etc , e as axudas técnicas coas que este Concello dotará ás familias que o precisen de material como grúas, baños adaptados, etc.

Reservamos neste capítulo fondos propios para obradoiros de emprego xunto cos Concellos de Vimianzo e Camariñas.

Solicitamos tres obradoiros e temos os recursos precisos preparados para que sexan efectivos. Non hai escusa para que non os concedan.

No Cap VI, van investimentos que teñen que facerse antes de que remate o ano.

Como conclusión de todo elo podemos dicir que é un orzamento con ingresos menores que no 2017 pero que somos quen, mediante xestión, de manter todos os servizos e



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

sen subir os impostos.

Son orzamentos que reforzan os asuntos sociais e o mantemento do pobo de Muxía. En pouco tempo os veciños verán as melloras que temos previstas.”

**Intervén seguidamente a voceira do PP, Dna Sandra Vilela:** “ Esta vostede continuamente poñendo zancadillas ao goberno anterior e di que a pesar de ter menos diñeiro que en 2017, e é certo pero vostede xestiona e desfruta 3 millóns de € que lle quedaron. Chama a atención no retraso na xestión, un ano para aprobar orzamentos. Preguntamos por eles en cada pleno ordinario e en cada pleno nos dixo que estaban a punto de saír coa desculpa de adaptalos ao do Covid. Non sei que é o que adaptaron. Non fai neles previsión cara ao Covid, o que incrementa en SS é o dos taxis e becas. Fala do SAF pero é a Xunta quen incrementa. Non sabemos nada do persoal de SAF sobre o que nos dixo que ía facer unha convocatoria a finais de 2019. Vai a seguir privatizando o servizo? Respecto a infraestruturas, cremos que deixa de lado as máis importantes. Incido no problema da auga de Muxía, Suxo, Castelo, ou do estado de estradas como a de Leis a Lago. Da a sensación de que o diñeiro se está a gastar sen facer nada importante. É preciso unha oficina de turismo que estea aberta 365 días ao ano, con persoal cualificado. Esperábase que se tivese en conta o turismo nos orzamentos e non é así xa que é unha cantidade moi limitada os 6000 previstos. Por todo elo votaremos en contra.”

**Intervén D Carlos Fdez:** “ Queremos empezar dicindo que esta sería unha boa oportunidade para facer uns orzamentos mínimamente consensuados, pero isto non foi posible. Creo que os orzamentos teñen unha parte positiva, por exemplo o incremento do gasto social e a contratación de persoal. Está ben solucionar o problema dos sete traballadores de Protección Civil con contrato deficiente, así como consolidar os diferentes postos. Os orzamentos teñen un problema que ven herdado de orzamentos anteriores e que pese a ser orzamentos con maiores ingresos non se solucionaron, e é non atender a problemas básicos deste Concello como o abastecemento de auga. A traída de auga en Muxía é deficiente e non se fixo nada cos ingresos extraordinarios que houbo coa construción do Parador, que se aceptou sen pedir ao goberno central no seu día que se solucionase o problema de auga. Voto de menos nos orzamentos algunha idea nova, proxectos de desenvolvemento. Investir no noso patrimonio sae a conta. Muxía podería ser un destino de turismo de natureza único e seguimos abandonando este tema. Seguimos sen atender o deporte alternativo xa que non todo é o fútbol. Propúxose no seu día as escolas predeportivas, temos escolas que están infrutilizadas e as súas instalacións deportivas poderían usarse para intentar crear afición sobre todo feminina. Temos problemas de depuración en Frixe e Nemiña. O de Trasufre é un comenzo aínda que insuficiente. Non podo votar a favor porque non se consensuaron, e teñen as deficiencias que expuxen.-



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**“Volve a intervir o Sr Alcalde:** Estou orgulloso de ter formado parte doutro goberno e sorpréndeme que o que antes era un desastre sexa agora marabilloso para vostede, Sra Sandra. A Xunta pode subir horas SAF pero a maioría da porcentaxe asúmena os concellos.

En canto ao de Turismo, esa cantidade era para unha asociación pero hai máis fondos previstos para ese sector.

Respecto ao BNG, efectivamente vamos a buscar fórmulas para eses deportes alternativos e estamos a traballar co Club de fútbol ao respecto en temas relacionados co medioambiente, valores de igualdade e deporte.

En canto á auga , teño enfocado o problema e participarán nelo varias institucións.

**Volve a intervir Dna Sandra Vilela:** “ No PP estamos abertos a sentarnos a falar cando sexa. O que era un desastre segue a selo pero agora é peor. Non votamos en contra das axudas sociais ou das melloras do persoal, se non duns orzamentos que deixan fóra o problema da auga e porque neles faltan iniciativas específicas para activar Muxía fronte ao Coronavirus.”Sometido o asunto a votación, por seis votos a favor do grupo municipal PSOE, tres en contra do grupo municipal do PP e unha abstención do Sr Carlos Fdez, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2020 de acordo co establecido no artigo 30 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tal e como se reflicte no Informe de Estabilidade que consta neste expediente e que ascende a 3.794.381,53 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2020 que ascende, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos a 3.812.381,53 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Muxía, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Muxía tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente e, aprobar, consonte ao establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Muxía, que ascende a 455.645,00 euros.

**CUARTO.-** Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

**QUINTO.-** Dar conta do Informe de Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2020 e do cumprimento do límite de débeda.

**SEXTO.-** Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

resolvelas.

**SÉTIMO.-** Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

### **3. Proposta asuntos persoal municipal**

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da proposta da que se deu coñecemento ás formacións sindicais en Mesa de Negociación de 26 de maio.

A voceira do g m PP anuncia o seu voto a favor.

D Carlos Fdez manifesta” Teño algún reparo coa proposta e é o seguinte. Non me parece o momento de propoñer isto, non vai a ser entendido pola cidadanía na situación económica actual. Teño reparo no reparto do específico e elo porque hai incrementos de 2000 € ao ano e outros de 200. Púdose aproveitar este complemento para reducir diferencias, e dicir, incrementar máis os soldos baixos a costa dos altos. O meu sindicato maniféstame tamén certas dúbidas sobre as tarefas asignadas nun posto de traballo pois considera que non son adecuadas á categoría do mesmo. Por todo elo vou absterme”

O Sr. Alcalde volve a intervir: “ A cantidade do específico xa estaba consignada no orzamento como produtividade. En canto ao reparto, utilizouse o sistema de valoración de postos e puntuación da RPT. Tratouse todo elo na Mesa de Negociación cos sindicatos”

Sometido o asunto a votación o pleno, por 8 votos a favor, 5 do PSOE e 3 do PP, e a abstención de Dna. Mónica Vilela e D. Carlos Fernández Concheiro, acorda aprobar a proposta de Alcaldía seguinte:

#### **PROPOSTA MODIFICACION PUNUAL RPT.**

A proposta céntrase nos seguintes puntos:

- Incorporación á RPT de sete postos de O.S.M, declarados indefinidos por sentenza xudicial firme.
- Definición-aclaración do contido dos postos de:  
encargada actividades culturais  
encargada de actividades medioambientais
- Creación dun posto de administrativo/a, C1 para a súa cobertura por promoción interna.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## PROPOSTA ESTABILIZACION PERSOAL TEMPORAL

De acordo co establecido nas LPGE para 2018 e 2019, formúlase Proposta de estabilización do persoal temporal seguinte ( formulación OPE):

- Sete postos de O.S.M. considerados persoal indefinido por sentenza xudicial firme, propoñéndose a súa cobertura por concurso-oposición libre , como postos a T/c.
- Posto de Animador Deportivo, grupo C1, (actualmente ocupado por persoal laboral indefinido C2), propoñéndose a súa cobertura por concurso-oposición libre.
- Posto de monitor deportivo, ( actualmente ocupado por persoal indefinido), propoñéndose a súa cobertura por concurso-oposición libre. Grupo C2.
- Tres postos de limpadoras de edificios públicos. Un posto a T/p e dous a T/C (Actualmente ocupados por persoal indefinido).proponse cobertura por concurso-oposición libre.

Proposta determinación soldos de persoal laboral temporal e funcionario/a interino/a para 2020.

Por razóns de interese público, ca finalidade de clarexar o sistema de determinación de retribucións do persoal temporal e funcionario interino/a, actualmente no determinado debidamente, proponse o seguinte:

O persoal interino de vacante percibirá as retribucións do posto que ocupe na Relación de postos de traballo deste concello.

O resto de persoal interino, xa sexa por substitución, proxecto, acumulación de tarefas e o persoal laboral temporal serán asimilados aos postos teóricos non contemplados na relación de postos de traballo é o complemento de destino e o salario base segundo a presente táboa:

### Grupo Nivel CD

A1	22
A2	18
B	17
C1	16
C2	14
AP	12

O equivalente ao complemento específico é o que se deduce das fichas teóricas de



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

valoración da RPT, a proposta de equivalencias e a seguinte:

Grupo Puntos RPT Valor CE ano 2020

A1	41,25	15.609,83
A2	27,375	10.359,25
B	21,75	8.230,64
C1	21,75	8.230,64
C2	15,375	5.818,20
AP	15	5.676,30

As equivalencias entre os grupos de cotización e os grupos/ subgrupos do EBEP son as seguintes:

Grupo de cotización	Grupo do EBEP
Grupo 1	A1
Grupo 2	A2
Grupo 3	B
Grupo 4 e 5	C1
Grupo 6, 7 e 8	C2
Grupo 9 e 10	AP

Proposta de creación de posto de admvo/a para cobertura por promoción interna.

O EBEP avoga pola carreira profesional do funcionariado, sendo unha manifestación da mesma a promoción vertical dos postos.

Tendo en conta a existencia de varios postos de auxiliares administrativos e a necesidade de realización de funcións e tarefas que exceden do contido propio dun posto de tales características,

PROPONSE a creación dun posto de administrativo, grupo C1 para a súa cobertura por promoción interna(concurso-oposición), entre o persoal funcionario municipal que reúna os requisitos esixidos polo EBEP ao respecto.

**PROPOSTA DE DEFINIÇÃO CONTIDO POSTO DE E. MEDIOAMBIENTE E E.**





**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## **CULTURA.**

Detectadas indefinicións e erros na descrición do contido destes postos na RPT,

Proponse o seguinte contido, ma&#769;is en consonancia co grupo C2 no que estes postos están incluídos:

### **E. CULTURA**

Colaboración na programación, execución de actividades culturais, e o control das inscricións e asistencias ás mesmas.

Apoio na tramitación administrativa de axudas e subvencións en materia de cultura

Colaboración coa Concellería correspondente nas relación cas asociación culturais e festivas da localidade (materias culturais)

Información ao público sobre actividades culturais

Atención ao público na biblioteca municipal ( préstamo-devolución) Calquera outra que lle encomende o Xefe de Persoal relacionada con cultura.

### **E. MEDIO AMBIENTE**

Colaboración na programación, execución de actividades medioambientais, e o control das inscricións e asistencias ás mesmas.

Apoio na tramitación administrativa de axudas e subvencións en materia de medioambiente Información ao público sobre actividades medioambientais

Colaboración na comprobación administrativa das listas recatorias de auga, sumidoiro, lixo e punto limpo.

Colaboración administrativa no control municipal do punto limpo, depuradoras, recollida de lixo e auga.

Calquera outra que lle encomende o Xefe de Persoal relacionada co medioambiente.

## **COMPLEMENTO ESPECIFICO**

O complemento específico está destinado a retribuír a especial dificultade técnica, a responsabilidade, a dedicación, a incompatibilidade, esixibles para o desenrolo dos postos de traballo do persoal ao servizo das AAPP.

Nos últimos tempos a implantación da Admón Electrónica no actuar administrativo de determinados postos, a maior dificultade de prestación noutros, a responsabilidade ou os cambios nas condicións de prestación, aconsella unha revisión dos complementos





**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

específicos neste Concello, dentro das marxes que a normativa estatal sobre soldos permite.

Elabórase dentro deste marco a seguinte proposta de modificación dos CE, efectuándose os cálculos sobre a base da valoración e puntos fixados para cada posto pola RPT en vigor.

(Adxúntase cadro como anexo ao acta)

### **PROPOSTA DE CREACION POSTO DE ADMINISTRATIVO/A PARA COBERTURA POR PROMOCION INTERNA.**

O EBEP avoga pola carreira profesional do funcionariado, sendo unha manifestación da mesma a promoción vertical dos postos.

Tendo en conta a existencia de varios postos de auxiliares administrativos e a necesidade de realización de funcións e tarefas que exceden do contido propio dun posto de tales características,

PROPONSE a creación dun posto de administrativo grupo C! para a súa cobertura por promoción interna (concurso-oposición), entre o persoal funcionario municipal que reúna os requisitos esixidos polo EBEP ao respecto.

### **4.-ELECCION MEMBROS MESAS ELECTORAIS**

A Secretaria explica que segundo o establecido na LOREG procedese ao sorteo informático, dos/as integrantes das Mesas electorais para as eleccións do 12 de xullo

O resultado final recóllese en Anexo a este Acta.

Ás 21:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 1 de xullo de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández      O alcalde, Santiago Manuel Toba  
Campaña